

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Segundo o Capítulo II do Estatuto Marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde, atendendo ao tipo de nomeamento, clasifícase en:**

- A) persoal estatutario sanitario e persoal estatutario non sanitario
- B) persoal estatutario interino, persoal estatutario eventual e persoal estatutario temporal
- C) persoal estatutario fixo, persoal estatutario temporal e persoal estatutario substituto
- D) persoal estatutario designado libremente e persoal estatutario por oposición

**2. Cando a Constitución Española, no seu artigo 20.5, regula o dereito á liberdade de expresión, ao referirse ao secuestro en virtude de resolución xudicial, determina que este abranguerá:**

- A) os medios de comunicación
- B) as publicacións, exclusivamente
- C) as publicacións, gravacións e outros medios de información
- D) os medios de comunicación que se sinalen mediante lei orgánica

**3. Sobre o sistema de selección por concurso–oposición, segundo o Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala cal das seguintes opcións é falsa:**

- A) consistirá na realización sucesiva do sistema de concurso e do de oposición, na orde que determine a convocatoria
- B) a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do corenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo
- C) a puntuación obtida na fase de concurso non poderá ser aplicada para a fase de oposición
- D) se se realiza primeiro a fase de concurso, excepcionalmente e por acordo unánime do tribunal, poderase aplicar a puntuación obtida en dita fase para superar a fase de oposición

**4. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, cal das seguintes competencias non corresponde á Consellería de Sanidade?**

- A) a planificación da ordeación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia
- B) a aprobación do Plan de Saúde de Galicia
- C) a elaboración do proxecto do Plan de Saúde de Galicia e a súa remisión ao Consello da Xunta de Galicia
- D) a articulación e xestión do rexistro único de profesionais

**5. As retribucións complementarias do persoal estatutario, segundo o Estatuto Marco, poderán ser:**

- A) o soldo asignado á categoría en función do título esixido para o seu desempeño e os trienios
- B) só o complemento de destino e o complemento específico, o resto son retribucións básicas
- C) só o complemento de produtividade e o complemento de atención continuada, o resto son retribucións básicas
- D) o complemento de destino, o complemento específico, o complemento de produtividade, o complemento de atención continuada e o complemento de carreira

**6. Segundo o artigo 14 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, o coste das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo:**

- A) non deberán recaer nos empresarios
- B) deberán recaer a partes iguais entre os traballadores e o empresario
- C) deberá recaer no conxunto dos traballadores
- D) non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores

**7. Na Lei 14/1986, xeral de sanidade, establécense unha serie de obrigas dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario. Sinale cal das seguintes é unha desas obrigas:**

- A) coidar das instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias
- B) confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estadía en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público
- C) utilización de vías de reclamación e de proposta de suxerencias nos prazos previstos
- D) elección de médico e demais titulados sanitarios

**8. Atendendo ao Estatuto de Autonomía de Galicia, os conselleiros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delitivos cometidos fóra do territorio de Galicia, deberán responder, no seu caso:**

- A) ante o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia
- B) ante o Tribunal Constitucional
- C) ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo
- D) durante o seu mandato non están sometidos a responsabilidade, aínda en caso de flagrante delito

**9. Enténdese por consentimento do afectado toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que este acepta:**

- A) necesariamente mediante unha declaración, o tratamento de datos personais que lle concirnen
- B) mediante unha probable acción afirmativa, o tratamento de datos personais que lle concirnen
- C) mediante unha declaración ou unha clara acción afirmativa, o tratamento de datos personais que lle concirnen
- D) mediante unha aclaración ou unha probable acción afirmativa, o tratamento de datos personais que lle concirnen

**10. Dacordo ao establecido no artigo 68 do Decreto 206/2005, de provisión de prazos do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, o Plan de ordenación de recursos humanos, elaborarao:**

- A) a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde
- B) os órganos de representación do persoal
- C) a Xerencia do Servizo Galego de Saúde
- D) o Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde

1. Segundo o definido no Estatuto de Autonomía de Galicia, respecto ao Parlamento, sinala a opción incorrecta:

- A) o Parlamento de Galicia é inviolable
- B) o Parlamento de Galicia será elixido por un prazo de 4 anos
- C) o Parlamento estará constituído por deputados elixidos por sufraxio universal
- D) os deputados están suxeitos a mandato imperativo

2. Atendendo ao establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade e postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria que requiran dedicación exclusiva ás funcións de xefatura, de persoal licenciado sanitario, proveranse mediante un proceso de selección baseado en:

- A) libre designación
- B) concurso–oposición
- C) oposición
- D) a avaliación do currículo profesional dos aspirantes e un proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, que será defendido públicamente